

Deputación Provincial

IPESPO

O Consello Reitor do Instituto para a promoción e o equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra, IPESPO, en sesión celebrada o día 22 de abril de 2009, aprobou o expediente para a contratación, por procedemento aberto, mediante concesión, da xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na Plataforma Logística Inversa do Polígono Industrial de “Sete Pías”, no termo municipal de Cambados, polo que se fai a seguinte convocatoria:

1. OBXECTO E TIPO DE LICITACIÓN

A contratación da “CONCESIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS NA PLATAFORMA LOGÍSTICA INVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL “SETE PÍAS” NO TERMO MUNICIPAL DE CAMBADOS”. O prezo do contrato será a retribución económica que o contratista perciba como consecuencia da prestación do servizo aos usuarios e aos recicladores finais e que ascende na primeira anualidade, de acordo co anteproxecto de explotación, á cantidade de 651.819,11 €.

2. GARANTÍAS

Os licitadores interesados deberán acreditar ante o IPESPO a constitución previa dunha garantía provisional do 2% do prezo do contrato, que se corresponde cos ingresos estimados do contratista no anteproxecto de explotación para a primeira anualidade e que se cifra en 651.819,11 euros. Poderá constituírse obrigatoriamente na Caixa do IPESPO por calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007, debendo depositarse na forma establecida no artigo 91.3 da LCSP.

O adxudicatario provisional do contrato está obrigado a constituír a favor do Concello de Cambados unha garantía definitiva polo importe do 5% do prezo do contrato definitivo, que considerará os ingresos brutos correspondentes á media aritmética das anualidades do proxecto de explotación que presente o concesionario, podendo prestarse en calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP, a cal deberá acreditarse no prazo dos 15 días hábiles previstos no artigo 135.4 da citada Lei.

El Consejo Rector del Instituto para la promoción y el equipamiento del suelo industrial de la provincia de Pontevedra, IPESPO, en sesión celebrada el día 22 de abril de 2009, aprobó el expediente para la contratación, por *procedimiento abierto, mediante concesión, de la gestión indirecta del servicio de tratamiento de residuos industriales no peligrosos en la Plataforma Logística Inversa del Polígono Industrial de “Sete Pías”,* en el término municipal de Cambados, por lo que se hace la siguiente convocatoria:

3. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Realizarase no Rexistro do IPESPO en horario de 9:00 a 13:00 horas durante os 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Para o caso de que o último día de presentación coincida en sábado, domingo ou festivo, o citado prazo entenderase que finaliza o primeiro día hábil seguinte.

4. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN

A Mesa de Contratación examinará e cualificará formalmente a documentación contida no SOBRE A, a que se refire o artigo 130 da LCSP, polo menos cun día de antelación á apertura das proposicións, de acordo cos artigos 81 e 82 do RGCAP. Unha vez realizadas as actuacións anteriores terá lugar ás 10:00 horas do terceiro día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación de proposicións, o acto público de apertura de ofertas nas dependencias do IPESPO.

5. INFORMACIÓN

O prego de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares e demais documentación, está a disposición dos interesados no IPESPO, Centro Provincial de Asesoramento Municipal, CPAM, da Deputación de Pontevedra, Avda. Monteiro Ríos, s/n, C.P. 36071, Tel. 986.804110; tamén poderán consultarse na páxina web da Deputación: www.depontevedra.es (IPESPO).

Pontevedra, 22 de abril de 2009.—O Presidente, ilexible.—
El Secretario, ilexible. **2009003466**

Contratación laboral por obra ou servizo determinado de 110 peóns de limpeza ou forestais para o “Plan de conservación e limpeza de espazos naturais 2009”.

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

No Boletín Oficial da Provincia nº 64 de data 3 de abril de 2009 publicouse a convocatoria do **Plan de Conservación e Limpeza de espazos naturais para o ano 2009** en réxime de concorrencia competitiva para o acondicionamento, limpeza e mellora das zonas medioambientais, así como a reposición, recuperación e adecuación das praias e areas do litoral, mediante a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado de **110 peóns de limpeza ou forestais**, por un período de seis meses.

Na base novena de dita convocatoria establécese que a selección dos traballadores a contratar efectuarase mediante convocatoria pública e conforme ós principios de mérito e capacidade.

Por acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión celebrada o 22 de abril de 2009 determinouse o número de traballadores a contratar para cada Concello.

A través deste plan preténdese asegurar, nos meses de verán e de maior afluencia turística, unha prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal na totalidade do territorio provincial.

Considerando que o artigo 19 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial e artigo 35 do Real decreto 364/95, de 10 de marzo, permite unha simplificación do procedemento que posibilita unha cobertura máis áxil das necesidades en función dos prazos sinalados na convocatoria do plan para o inicio dos traballos a desenvolver, por razóns de urxencia e necesidade e de conformidade co disposto no artigo 34. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, RESOLVO aprobar a presente convocatoria para a contratación laboral por obra ou servizo determinado de **110 peóns de limpeza ou forestais** para os concellos da provincia de máis de 10.000 e menos de 50.000 habitantes, que se rexerá polas seguintes:

B A S E S

Primeira.—Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral por obra ou servizo determinado de 110 peóns de limpeza ou forestais para levar a cabo en diferentes concellos da provincia o acondicionamento, limpeza e mellora das zonas medioambientais, así como a reposición, recuperación e adecuación das praias e areas do litoral.

Dita contratación formalizarase ó abeiro do establecido no artigo 35 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo, art. 103 da Lei 7/85, do 2 de abril, artigo 2 do Real decreto 2720/98, de 18 de decembro, e artigo 15 da Lei do estatuto dos traballadores e demais normas de concordante e pertinente aplicación.

Segunda.—Número e características dos postos de traballo ofertados

O número de postos, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

CONCELLO	CATEGORÍA	Nº POSTOS
BAIONA	Peón de Limpeza	8
BUEU	Peón de Limpeza	3
CAMBADOS	Peón de Limpeza	5
CAMBADOS	Peón de Limpieza reservada a discapacitados	1
CANGAS	Peón de Limpeza	4
ESTRADA, A	Peón Forestal	4
GONDOMAR	Peón de Limpeza	3
GROVE, O	Peón de Limpeza	6
GUARDA, A	Peón de Limpeza	5
LALÍN	Peón Forestal	7
MARÍN	Peón de Limpeza	5
MOS	Peón Forestal	6
NIGRAN	Peón de Limpeza	5
POIO	Peón de Limpeza	4
PONTEAREAS	Peón Forestal	7

CONCELLO	CATEGORÍA	Nº POSTOS
PORRIÑO	Peón Forestal	3
REDONDELA	Peón de Limpeza	5
SANXENXO	Peón de Limpeza	8
TOMIÑO	Peón de Limpeza	2
TUI	Peón de Limpeza	6
VILAGARCÍA DE AROUSA	Peón de Limpeza	6
VILANOVA DE AROUSA	Peón de Limpeza	7

Terceira.—Sistema de selección

A selección levarase a cabo mediante a realización dunha entrevista persoal que será valorada conforme ós criterios que se determinan na base décima.

Cuarta.—Requisitos dos aspirantes

Con carácter xeral, para seren admitidos neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non excederen, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír ou estar en condicións de obter o título de certificado de escolaridade o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ó que aspira.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla o artigo da Lei 7/2007, de 12 de abril.
- Ter ingresado na Tesourería da Deputación ou na conta bancaria de Caixanova nº 2080 0401 68 0040106618 a cantidade fixada como dereitos de exame.

Quinta.—Solicitudes

1) As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo, teléfono e a denominación do posto de traballo correspondente ó concello ó que opta, debendo achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- Documentación acreditativa dos criterios de valoración sinalados na base décima, que se acreditará có certificado da vida laboral, certificados de empresa ou fotocopia dos contratos de traballo.
- Certificado de empadramento do concello a que pertence.
- Xustificante de pago individual dos dereitos de exame esixidos para participar en cada proceso selectivo, indicando o posto e concello a que corresponde, e dicir, tantas cartas de pago coma instancias

Para seren admitidos nestas probas selectivas os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación. No rexistro xeral da Deputación facilitaráselles ós interesados o modelo de solicitude incluído no **anexo I** desta convocatoria.

2) O prazo para presentaren as solicitudes será de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de seren certificadas.

En caso de que as solicitudes se presenten na oficina de correos ou nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración Xeral do Estado ou a calquera Administración das Comunidades Autónomas, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data do envío dende a Oficina de Correos ou dende ditas Administracións e remitir nese día ó Servizo de Recursos Humanos, por fax ó 986804141, a solicitude e demais documentación esixida. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a solicitude de participación no caso de que se recibira no rexistro xeral fóra do prazo fixado na convocatoria.

Non se admitirán as solicitudes presentadas no rexistro dos Concellos da Provincia ó non existir o correspondente convenio.

4) Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de medios para realizar a entrevista.

5) Na instancia deberá especificarse obrigatoriamente o posto de traballo ó que opta e o concello ó que figura adscrito. En caso de optar a postos de diferentes concellos, os aspirantes deberán de presentar unha instancia por cada posto e concello e aboar os correspondentes dereitos de exame por cada un deles de forma separada.

Sexta.—Dereitos de exame

Será requisito necesario para participar neste proceso selectivo aboar a **cantidade de 3 € en concepto de dereitos de exame** así como os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria, que poderán satisfacerse directamente na Tesourería da Deputación, ou ben mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia a conta bancaria de Caixanova nº 2080 0401 68 0040106618, dirixida á Deputación Provincial e indicando o posto ó que aspira; de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería provincial, o solicitante fará constar na súa instancia a data do xiro ou da transferencia e o número do resguardo.

En ningún caso a mera presentación ou pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude.

Estarán exentas de pagar os dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%, debendo acreditálo documentalmente xunto coa instancia mediante certificado de minusvalía.

Os dereitos de exame reintegraráselles de oficio ós interesados que sexan excluídos definitivamente da lista de admitidos para a entrevista.

Sétima.—Admisión de aspirantes

1) Finalizado o prazo de **5 días hábiles** establecido para presentar as solicitudes, o presidente ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, así como o lugar e data en que terá lugar a entrevista, que se publicará no Boletín Oficial da Provincial e no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **tres días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen o proceso selectivo.

Oitava.—Tribunal cualificador

1. Os membros dos tribunais cualificadores designaríanse polo presidente segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por tres membros titulares e tres suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e un vogal.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

5. A Presidencia, antes de que teña lugar a entrevista de selección, publicará no BOP e no taboleiro de anuncios da corporación, xunto coa lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, a resolución na que se nomean os membros titulares e suplentes dos tribunais cualificadores,

6. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

7. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para estes procesos selectivos, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes.

8. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

9. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

10. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

Novena.—Entrevista

1. Os aspirantes convocaríanse para a realización da entrevista nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os aspirantes que non comparezan.

2. Os aspirantes deberán presentarse a entrevista provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

3. Concluída a entrevista, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que a superasen, indicando a puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

4. O tribunal non poderá en ningún caso declarar que superou a entrevista un número superior de aspirantes ó de postos ofertados para cada concello. Calquera proposta que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

5. Os candidatos seleccionados para os postos de traballo ofertados deberán acreditar que cumpren os requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

6. Non obstante o anterior, co fin de cubrir tódolos postos ofertados, no caso de que o aspirante proposto non supere o recoñecemento médico, non acredite os requisitos esixidos ou renuncie con posterioridade ó contrato, o tribunal deberá preparar unha relación complementaria de aspirantes que sigan ós propostos por orde de puntuación para súa posible contratación, sen prexuízo de que o posto poida quedar deserto.

7. Nestes procesos selectivos promoverase a igualdade real entre mulleres e homes para accederen os postos de traballo ofertados.

8. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada perante o presidente que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

Décima.—Cualificación da entrevista

1. A entrevista será cualificada de 0,00 (cero) a 10,00 (dez) puntos. Para súa valoración teránse en conta os seguintes criterios:

- Experiencia profesional no desempeño do posto de traballo convocado: ata un máximo de TRES PUNTOS. Acreditarase xunto coa instancia mediante certificado da vida laboral, certificados de empresa ou fotocopia dos contratos de traballo.
- Proximidade xeográfica ó lugar de traballo: CATRO PUNTOS. Acreditarase xunto coa instancia a través do certificado de empadramento do concello a que pertence, cuxa inscrición deberá ser anterior á data en que se publiquen estas bases no BOP.
- Aptitudes e coñecementos teóricos e prácticos sobre o contido do posto de traballo ofertado: ata un máximo de TRES PUNTOS. Acreditarase na entrevista coas preguntas que formule o tribunal

Décima primeira.—Desenvolvemento do proceso selectivo

O lugar, data e mais a hora en que terá lugar a entrevista publicarase no Boletín Oficial da Provincia xunto coa lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

Décima segunda.—Contratación

Finalizado os procesos selectivos, o presidente da Deputación Provincial procederá á contratación laboral por obra ou servizo determinado dos aspirantes propostos polos tribunais cualificadores ó abeiro do establecido no artigo 2 do Real decreto 2720/98, do 18 de decembro.

Décima terceira.—Recoñecemento médico

Os aspirantes propostos someteranse obrigatoriamente a recoñecemento médico ó inicio da súa relación laboral, a fin de poder comprobar que o traballador reúne as condicións físicas axeitadas para o desenvolvemento do posto de traballo ofertado, e no suposto de que dito recoñecemento médico declarase a este traballador non apto, este cesará automaticamente no posto para o que foi contratado.

Décima cuarta.—Condicións laborais

As condicións laborais deste persoal rexeránse polo disposto no I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Excm. Deputación Provincial, e supletoriamente polo disposto no Estatuto dos traballadores.

— Duración: SEIS meses, do 1 de xuño ó 30 de novembro do 2009

— Xornada laboral: 37,50 horas e media

— Horario de traballo: O que determine o Concello

— Vacacións: 11 días hábiles

— Retribucións: 1.286,09 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Décima quinta.—Período de proba

Establécese un período de proba de un mes.

Décima sexta.—Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á Deputación Provincial, ós tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Décima oitava.—Incidencias

O tribunal de cada proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décima nona.—Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

En Pontevedra, a vintedous de abril de dous mil nove.—O Presidente, Rafael Louzán Abal.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay. 20090043333

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA CONTRATACIÓN LABORAL

POSTO SOLICITADO		
Denominación Posto:		
CONCELLO:		
DATOS PERSOAIS		
Apelidos:	Nome:	DNI:
Enderezo particular: rúa, nº:		C.P.:
Data de nacemento	Teléfono:	Móvil
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:

O/a abaixo asinante solicita ser admitido/a no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións sinaladas nas Bases da Convocatoria, e comprométese a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Pontevedra, de de 2009
(Sinatura)

Ilmo. Sr. Presidente da Excmá. Deputación Provincial de Pontevedra